

Disposición transitoria única. *Axuda directa da campaña 2005-2006.*

A axuda prevista no artigo 35 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, calculada sobre a base das cantidades recoñecidas, pagaráselles ás industrias de transformación, logo de solicitude que deberá ser realizada, como moi tarde, o 15 de abril de 2006, nos 45 días seguintes ao da publicación, no Diario Oficial de la Unión Europea, do saldo previsto no artigo 21 do citado regulamento.

Este pagamento transferiránllo as industrias de transformación aos produtores, en función das cantidades de forraxe entregadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á penalización establecida no segundo parágrafo do artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 382/2005.

O FEQA, utilizando os datos subministrados polas comunidades autónomas, calculará o coeficiente redutor que se debe aplicar para o cálculo dos importes que as industrias lles deben transferir aos produtores polas cantidades de forraxes entregadas e referenciadas ao 12 por cento de humidade. Este coeficiente comunicarllelo o FEQA ás comunidades autónomas de inmediato tras a publicación que se indica no artigo 21.3 do Regulamento (CE) n.º 382/2005.

As industrias de transformación deberanlle proporcionar á autoridade competente a proba de lles teren transferida aos produtores a axuda establecida no Regulamento (CE) n.º 1782/2003, e aplicada consonte o artigo 35 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, como moi tarde, nos 15 días naturais seguintes á data-valor da transferencia realizada.

Esta proba consistirá na presentación dos seguintes documentos:

a) Certificado de pagamento da entidade bancaria da empresa onde debe figurar o nome do beneficiario seguido do seu NIF ou CIF.

b) A cantidade de forraxe entregada, referenciada ao 12 por cento de humidade, e o importe total pagado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derrogado o Real decreto 283/1999, do 22 de febreiro, polo que se establece a normativa básica relativa ao réxime de axudas no sector das forraxes desecadas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas atribucións, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento deste real decreto e para modificar, se é o caso, as datas e prazos a que se refire este real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de abril de 2005.

Dado en Madrid o 18 de marzo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4577

*REAL DECRETO 313/2005, do 18 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, e o Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, e se derroga o Real decreto 313/1996, do 23 de febreiro, polo que se establecen normas sobre as declaracións complementarias que deben efectuar os compradores de leite e produtos lácteos. («BOE» 67, do 19-3-2005, e «BOE» 69, do 22-3-2005.)*

O Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, modificado polo Real decreto 460/2004, do 18 de marzo, desenvolve a lexislación comunitaria, en particular o Regulamento (CE) n.º 2707/2000 da Comisión, do 11 de decembro de 2000, que establece as modalidades de aplicación do Regulamento (CE) número 1255/1999 do Consello, no relativo á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos aos alumnos de centros escolares.

O Regulamento (CE) n.º 816/2004 da Comisión, do 29 de abril de 2004, modificou o Regulamento (CE) n.º 2707/2000 nalgúns aspectos concretos de aplicación da axuda, que pretenden mellorar a súa xestión e garantir a aplicación uniforme da axuda en todo o territorio da Unión Europea. Por iso, é necesario modificar a lexislación nacional para adecuala plenamente ao disposto na lexislación comunitaria de obrigado cumprimento.

A través deste real decreto realízanse algunhas modificacións no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea. A cota láctea é un ben escaso en España e os gandeiros deben pagar altos prezos para accederen a ela. O fondo nacional coordinado de cotas lácteas permite repartir cota a prezos reducidos aos produtores considerados prioritarios polos plans de reestruturación do sector. A cota do fondo provén dos plans de abandono, de forma que a redacción actual do real decreto fai que a cota recuperada nun período de taxa suplementaria non poida ser repartida a través do fondo ata o ano seguinte. Conviría poder realizar esta repartición dunha maneira máis áxil e no menor tempo posible e permitir que a cota liberada polo plan de abandono dun período poida repartirse a través do fondo durante o mesmo período.

Finalmente, para protexer as cantidades da reserva nacional, na consideración de que estas son fundamentais para os plans de reestruturación do sector, abordouse a adaptación de determinados preceptos da anterior normativa, concretamente o artigo 22.5 e todas as referencias a este do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, relativas á perda de natureza de reserva nacional que, transcorridos catro períodos, prevía a dita norma.

Os artigos 7 e 14 do Regulamento (CE) n.º 1788/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establece unha taxa no sector do leite e dos produtos lácteos, recollen con carácter preferente a creación e existencia da reserva nacional de cotas lácteas, e deixan patente que é unha competencia dos Estados membros e que deben empregarse criterios obxectivos na súa xestión.

A reserva nacional é unha ferramenta á disposición dos Estados que lles permite desenvolveren distintas

medidas de política agraria, con influencia nun sector sensible como é o lácteo. En España as cotas da reserva nacional foron consideradas sempre como tales e durante case 20 anos foron un instrumento de política agraria.

A modificación dos ditos artigos exixirá, pola súa vez, un tempo para que os produtores se adapten á nova situación, de forma que non se entorpeza a acción administrativa dos movementos de cota, de cara ao novo período que comeza o 1 de abril de 2005. Por iso, ata o 8 de abril de 2005 poderanse presentar solicitudes de autorizacións de transferencia e de cesións temporais de cota láctea. A partir dese momento e ante a imposibilidade de establecer a priori outro prazo, parece apropiado habilitar o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, no futuro, a apertura de ambos os prazos sexa establecida mediante orde ministerial.

Así mesmo, para evitar que os gandeiros perdan ou vexan moi reducidos os seus dereitos de xubilación, resulta de alto interese introducir a posibilidade de que os produtores de leite beneficiarios dos programas nacionais de abandono da produción leiteira poidan optar por manterse, se así o desexan, en situación asimilada á de alta no réxime da Seguridade Social de procedencia, tal e como vén facéndose no caso do cesamento anticipado da actividade agraria.

Por outra parte, procede derrogar o Real decreto 313/1996, do 23 de febreiro, polo que se establecen normas sobre as declaracións complementarias que deben efectuar os compradores de leite e produtos lácteos. A declaración, con periodicidade trimestral, recollida no dito real decreto é innecesaria tras a publicación dos reais decretos 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea, e 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos de leite, que exixen declaracións e comunicacións exhaustivas, que fan que a declaración trimestral sexa innecesaria.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as organizacións e asociacións ou entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de marzo de 2005,

## DISPÓÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares.*

O Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 2 do artigo 2 queda redactado como segue:

«As axudas serán outorgadas durante os días lectivos de desenvolvemento do curso escolar. O número de días lectivos, sen incluír os días de vacacións, será o establecido en cada comunidade autónoma pola autoridade competente e, no caso de centros de educación infantil e de educación especial, poderanse facer extensivas aos días lectivos dos meses estivais en que estes centros permanezan abertos.

Os alumnos non se poderán beneficiar da axuda durante a súa estada en colonias de vacacións organizadas polo centro escolar ou pola autoridade competente.»

Dous. Engádesse un parágrafo no punto 1 do artigo 3, coa seguinte redacción:

«Para a aplicación da cantidade máxima de 0,25 litros, prevista no parágrafo anterior, teranse en conta as cantidades globais de produtos lácteos susceptibles de axuda durante o período para o que se solicita a dita axuda, así como o número de alumnos matriculados no centro escolar correspondente ou, no caso de aplicación do artigo 4.1.c), sobre a base de alumnos inscritos na lista do solicitante.»

Tres. Engádesse un punto 5 no artigo 3, coa seguinte redacción:

«5. A axuda concederáse unicamente se os produtos previstos no anexo I cumpren os requisitos establecidos no Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos, en particular, os relativos á fabricación nun establecemento autorizado e os relativos á marca de salubridade enumerados na parte A do capítulo IV do anexo C do dito real decreto.»

Catro. O artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Autorizacións.*

1. Os solicitantes das axudas deberán ser autorizados polo órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio se encontre situado o centro escolar ao cal subministran os produtos lácteos, nos prazos, modelos e períodos establecidos para o efecto por elas.

2. As condicións xerais de autorización serán as previstas no artigo 8, no punto 1 do artigo 9 e no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 2707/2000.

3. Antes do 1 de xaneiro de cada ano, os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán ao FEGA a listaxe de solicitantes autorizados para cada curso escolar.»

Cinco. O artigo 9 queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Deber de colaboración e comunicación.*

Para os efectos de que se lle poidan comunicar á Comisión os datos previstos no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 2707/2000, as comunidades autónomas remitirán ao FEGA, antes do 1 de decembro de cada ano, as cantidades para as que se pagasen as axudas durante o curso escolar precedente e as cantidades máximas autorizadas. Esta información conterá, polo menos, os datos que figuran no anexo 3.»

Seis. Suprímese o anexo III.

Sete. Os anexos I, II e IV substitúense polos anexos deste real decreto.

Oito. A disposición derradeira segunda queda redactada como segue:

«Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para a aplicación e cumprimento do disposto neste real decreto e, en

particular, para modificar os anexos e adaptalos á normativa comunitaria.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.*

O Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 2 do artigo 6 queda redactado como segue:

«2. O abandono afectará a totalidade da produción leiteira e o produtor deberase comprometer na solicitude a facelo efectivo antes da data que se estableza na orde correspondente á súa convocatoria, que será sempre antes de que finalice o período en que se conceda. A indemnización a cada produtor concederáse pola cota láctea individual, tanto de entregas a compradores como de venda directa, excluída a recibida gratuitamente da reserva nacional, que teña asignada o 1 de abril do período de concesión, ponderada, no caso da de entrega a compradores, a un 3,64 por cento de materia graxa.»

Dous. O punto 1 do artigo 7 queda redactado como segue:

«1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación convocará mediante orde ministerial os programas nacionais de abandono, que determinará o prazo de solicitude, o prazo máximo para facer efectivo o abandono, a cantidade global máxima que se vai indemnizar, os importes da indemnización por quilogramo de cota abandonada e a cota individual máxima prevista no artigo 8.1.a).»

Tres. O punto 2 do artigo 8 queda redactado do modo seguinte:

«2. Os produtores que recibisen cotas procedentes da reserva nacional, mediante asignacións directas ou como asignacións complementarias a través do Fondo nacional coordinado de cotas lácteas, poderán solicitar o abandono da súa produción, aínda que as cotas citadas non serán indemnizadas e se reincorporarán á reserva nacional.»

Catro. A alínea b) do punto 3 do artigo 12 queda redactado como segue:

«b) As cantidades asignadas individualmente mediante o establecido neste artigo que, por non teren sido utilizadas durante dous períodos consecutivos ou en aplicación do parágrafo primeiro do artigo 5.2, deban ser engadidas á reserva nacional.»

Cinco. Suprímese o punto 4 do artigo 12.

Seis. O punto 2 do artigo 22 queda redactado como segue:

«2. Os beneficiarios de asignación de cotas gratúitas da reserva nacional comprométese a non transferir nin ceder temporalmente cota durante cinco períodos contados a partir do período en que recibisen unha asignación da reserva nacional.»

Sete. Suprímese o punto 5 do artigo 22.

Oito. Engádese un artigo 24 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 24 bis. *Convocatorias excepcionais do Fondo.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 24 e no punto 3 do artigo 6, o ministro de Agricultura,

Pesca e Alimentación poderá decidir a realización de convocatorias excepcionais do fondo, ao cal destinará a cota recuperada procedente de programas de abandono realizados no mesmo período que a dita convocatoria.

2. En todo caso, a cota de que se nutrirá o fondo estará en función das entregas certificadas e, se é o caso, das vendas directas declaradas polos beneficiarios do plan de abandono ata o momento de efectuar a solicitude ou facer efectivo o abandono, así como das existencias de cota na reserva nacional no momento da convocatoria.»

Nove. O punto 1 do artigo 32 queda redactado como segue:

«1. A cota complementaria recibida en virtude de adquisición de cota ao fondo terá a consideración de cota da reserva nacional e estará suxeita ás mesmas limitacións que para esta se establecen no punto 1 do artigo 22.»

Dez. O artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39. *Prazo para efectuar transferencias de cotas.*

1. Para efectos de liquidación da taxa suplementaria de cada período, actualizaranse as cotas dos produtores que presentasen, na forma prevista e entre o 1 de abril e o 30 de novembro do dito período de cotas, as comunicacións de transferencia de cotas a que se refire o artigo 35.

2. Malia o establecido no punto anterior, para os casos de falecemento, xubilación ou cesamento anticipado do antigo titular producidos entre o 1 de decembro e o 31 de marzo de cada período en curso, e sempre que tanto o antigo como o novo titular entreguen ao mesmo comprador ou compradores, deberase presentar unha declaración de transferencia que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo IV bis, ben que as cotas, para efectos da liquidación de taxa suplementaria, non se actualizarán ata o comezo do período seguinte.

3. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá para cada período, mediante orde, o prazo de presentación das solicitudes de autorización de transferencia de cotas previstas nos artigos 36 e 38.»

Once. O punto 1 do artigo 46 queda redactado como segue:

«1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá para cada período, mediante orde, o prazo de presentación das solicitudes de autorización das cesións temporais pactadas entre produtores cedentes e produtores adquirentes ou cesionarios. Estas solicitudes dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do cedente, e conterán, polo menos, os datos que figuran no anexo IX.»

Doce. Suprímese a disposición transitoria segunda.

**Disposición transitoria primeira.** *Relacións xurídicas anteriores.*

O disposto no artigo segundo aplicarase ás relacións xurídicas novas, pero non ás anteriores, que quedan pro-

texidas polo sistema xurídico en vigor no momento en que se realizaron.

**Disposición transitoria segunda.** *Prazo de presentación de solicitudes de autorización de transferencias e cesións temporais de cota.*

Malia o establecido nos puntos dez e once do artigo segundo, poderanse presentar solicitudes de autorización das transferencias de cotas lácteas previstas nos artigos 36 e 38 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, así como das cesións temporais previstas no artigo 46 do dito real decreto ata o 8 de abril de 2005, inclusive.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Derrógase o Real decreto 313/1996, do 23 de febreiro, polo que se establecen normas sobre as declaracións complementarias que deben efectuar os compradores de leite e produtos lácteos.

**Disposición derradeira primeira.** *Situación de asimilación á alta por cesamento na actividade agraria ou abandono da produción leiteira.*

Un. O parágrafo 16 do número 1 do artigo 36 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, queda redactado do seguinte xeito:

«16. Os períodos de percepción de axudas e indemnizacións por cesamento anticipado na actividade agraria previstos no Real decreto 5/2001, do 12 de xaneiro, polo que se establece un réxime de axudas destinadas a fomentar o cesamento anticipado na actividade agraria.

Os produtores acollidos aos programas de abandono da produción leiteira, establecidos no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, aos cales non lles sexa de aplicación o establecido no artigo 11 do Real decreto 5/2001, do 12 de xaneiro, e que non continúen en situación de alta en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social, poderán optar por se manter en situación asimilada á de alta, con obriga de cotizar no réxime de Seguridade Social de procedencia».

Dous. Engádeselle un número 3 ao artigo 69 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, coa seguinte redacción:

«3. Durante as situacións de asimilación á alta por cesamento anticipado da actividade agraria e abandono da produción leiteira, previstas no artigo 36.1.16 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, para os efectos de determinar as cotas, aplicaranse as bases e tipos de cotización que, en cada momento, estean establecidos no réxime de Seguridade Social de que se trate. As cotas serán ingre-

sadas directamente polos beneficiarios das axudas ou dos programas de abandono da produción leiteira.»

**Disposición derradeira segunda.** *Plans de abandono.*

As entregas certificadas e, se é o caso, as vendas directas declaradas polo beneficiario dun plan de abandono ata a data en que este se faga efectivo, sempre e cando non superen a súa cota, consideraranse cantidade dispoñible para os efectos de liquidación da taxa do período, pero non para os efectos do Real decreto 543/2004, do 13 de abril, polo que se regulan determinadas axudas directas comunitarias ao sector lácteo para os anos 2004, 2005 e 2006, para os cales a cota dispoñible do período 2005-2006 será de cero quilogramos.

**Disposición derradeira terceira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Exceptúase do anterior o establecido na disposición derradeira primeira, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira cuarta.** *Aplicación ao curso 2004-2005.*

As modificacións contidas neste real decreto referidas ao Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, serán de aplicación para as axudas que se concedan a partir do curso escolar 2004-2005. Non obstante, a modificación do artigo 5 contida no punto catro do artigo primeiro deste real decreto non entrará en vigor ata o curso escolar 2005-2006.

**Disposición derradeira quinta.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o seu artigo segundo, que entrará en vigor o 1 de abril de 2005.

Dado en Madrid o 18 de marzo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**ANEXO**

«ANEXO I

**Lista de produtos que se poden beneficiar da axuda comunitaria**

Categoría I:

- a) Leite enteiro tratado termicamente cun contido en materia graxa mínimo do 3,5 por cento.
- b) Leite enteiro con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña como mínimo un 90 por cento en peso do leite previsto na alínea a).

c) logur de leite enteiro obtido a partir do leite previsto na alínea a) (1).

Categoría V:

a) Leite semidesnatado tratado termicamente cun contido en materia graxa entre o 1,5 por cento, como mínimo, e o 1,8 por cento, como máximo.

b) Leite semidesnatado con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña, como mínimo, un 90 por cento en peso do leite previsto na alínea a).

c) logur de leite semidesnatado obtido a partir do leite previsto na alínea a) (1).

Categoría VII:

a) Leite desnatado tratado termicamente cun contido en materia graxa do 0,5 por cento como máximo.

b) Leite desnatado con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña, como mínimo, un 90 por cento en peso do leite previsto na alínea a).

c) logur de leite desnatado obtido a partir do leite previsto na alínea a) (1).

Categoría VIII:

Queixos frescos e fundidos non aromatizados, cun contido de materias graxas en peso da materia seca igual ou superior ao 40 por cento.

Para os efectos desta categoría, por queixo non aromatizado entenderase o queixo obtido exclusivamente a partir de leite, aínda que se acepta que se poden engadir as substancias necesarias para a súa fabricación, sempre que as ditas substancias non se utilicen total ou parcialmente para substituír calquera compoñente lácteo.

Categoría IX:

Os queixos que non sexan nin frescos nin fundidos, cun contido de materias graxas en peso da materia seca igual ou superior ao 45 por cento.

## ANEXO II

### Programa de leite escolar

*Prezos máximos que deben pagar os alumnos nos centros escolares*

Comunidade Autónoma: .....

Órgano competente: .....

Curso escolar: .....

Período de vixencia dos prezos máximos:

do ..... de ..... de 200 ..... ao ..... de ..... de 200 ..... (ambos inclusive).

Categoría I:

a) Leite enteiro tratado termicamente cun contido en materia graxa mínimo do 3,5 por cento:

a.1) Pasteurizado.

a.2) Os demais:

a.2.1) En envase dun litro.

a.2.2) En envase de 1,5 litros.

a.2.3) En envase individual de 200 cc.

b) Leite enteiro con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña como mínimo un 90 por cento en peso do leite previsto na alínea a):

b.1) En envase maior de 200 cc.

b.2) En envase individual de 200 cc.

c) logur de leite enteiro obtido a partir do leite previsto na alínea a).

Categoría V:

a) Leite semidesnatado tratado termicamente cun contido en materia graxa entre o 1,5 por cento, como mínimo, e o 1,8 por cento, como máximo:

a.1) Pasteurizado.

a.2) Os demais:

a.2.1) En envase dun litro.

a.2.2) En envase de 1,5 litros.

a.2.3) En envase individual de 200 cc.

b) Leite semidesnatado con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña como mínimo un 90 por cento en peso do leite previsto na alínea a).

b.1) En envase maior de 200 cc.

b.2) En envase individual de 200 cc.

c) logur de leite semidesnatado obtido a partir do leite previsto na alínea a).

Categoría VII:

a) Leite desnatado tratado termicamente cun contido en materia graxa do 0,5 por cento, como máximo:

a.1) Pasteurizado.

a.2) Os demais:

a.2.1) En envase dun litro.

a.2.2) En envase de 1,5 litros.

a.2.3) En envase individual de 200 cc.

b) Leite desnatado con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña como mínimo un 90 por cento en peso do leite previsto na alínea a).

b.1) En envase maior de 200 cc.

b.2) En envase individual de 200 cc.

c) logur de leite desnatado obtido a partir do leite previsto na alínea a).

Categoría VIII:

a) Queixos frescos e fundidos non aromatizados cun contido de materias graxas en peso da materia seca igual ou superior ao 40 por cento.

b) Os «petit suisse» e queixos en porcións.

Categoría IX:

Os queixos que non sexan nin frescos nin fundidos cun contido de materias graxas en peso da materia seca igual ou superior ao 45 por cento.

Nota:

Os prezos pagados polos alumnos estableceanse en euros/kg, sumado o IVE vixente e descontada a axuda prevista no regulamento de aplicación.

No caso de os produtos subministrados se expresaren en litros, o prezo deberase definir por quilogramo, para o que se utilizarán as conversións regulamentarias.

(1) Quedan expresamente excluídos da lista os iogures chocolateados, aromatizados, con froitas ou con azucre, os iogures líquidos para beber e as sobremesas lácteas.

## ANEXO III

**Distribución de leite e produtos lácteos aos alumnos dos centros escolares***Regulamento (CE) n.º 2707/2000*

Cantidades distribuídas por categoría de produtos que lles foron pagadas aos solicitantes durante o curso escolar: .....

Comunidade Autónoma de: .....  
Órgano competente:

Produtos	Categorías	Cantidades pagadas en equivalentes de leite enteiro (miles de toneladas con seis decimais)
De leite enteiro .....	I	
De leite semidesnatado ..	V	
De leite desnatado .....	VII	
Queixos .....	VIII	
Queixos .....	IX	
Cantidades máximas autorizadas en equivalentes de leite enteiro (miles de toneladas con seis decimais)		

Nota:

Remitir ao FEGA antes do 1 de decembro de cada ano.»

(Este real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 69, do 22 de marzo de 2005.)

**XEFATURA DO ESTADO**

**4618** *LEI 3/2005, do 18 de marzo, pola que se lles recoñece unha prestación económica aos cidadáns de orixe española desprazados ao extranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional. («BOE» 68, do 21-3-2005.)*

JUAN CARLOS I  
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os cidadáns de orixe española que foron desprazados na súa infancia ao extranxeiro como consecuencia da Guerra Civil foron beneficiarios ao longo dos últimos anos dunha serie de iniciativas de carácter solidario dirixidas a paliar as consecuencias negativas que a dita circunstancia tivo sobre eles.

Trátase dun esforzo que permitiu incrementar os seus niveis básicos de benestar e no cal, por razóns de xustiza, é esencial afondar, prestando unha especial atención aos que teñan un maior grao de necesidade.

Unha situación en que, a todas luces, se dan compoñentes excepcionais que xustifican que a resposta que se

deba dar sexa, igualmente, excepcional, como mostra da concienciación da sociedade española e do seu desexo de compensar, sequera sexa en parte, as carencias dun grupo de cidadáns que viron truncadas as súas perspectivas persoais e profesionais, como consecuencia do levantamento militar contra o Goberno lexitimamente constituído, que deu lugar á Guerra Civil de 1936-1939.

Ao logro desta meta vai dirixida esta lei, a través da creación dunhas prestacións económicas coas cales se responde de maneira global e solidaria aos problemas mencionados. De igual modo, a lei prevé o establecemento de mecanismos que permitan a cobertura da asistencia sanitaria, cando no país de residencia se carece dela ou o seu contido e alcance resultan insuficientes.

De maneira global, porque se cobre a todas as persoas pertencentes ao colectivo afectado, con independencia do seu lugar de residencia. Consecuentemente, ademais de articularse as previsións contidas na disposición adicional quincuaxésimo quinta da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, respecto dos residentes no territorio da antiga Unión Soviética, a norma estende os seus beneficios a todas as persoas que foron desprazadas a outros países, así como aos que no seu momento retornaron a España.

E de maneira solidaria, porque a iniciativa ten como beneficiarios os membros do citado colectivo que acrediten un menor nivel de ingresos, que son aqueles que para subsistir tiveron que acollerse ás pensións asistenciais por ancianidade en favor dos emigrantes españois e ás pensións de xubilación non contributivas da Seguridade Social. Igualmente, e en atención ao nivel de recursos que se quere garantir, a medida tamén se estende a quen sen ter dereito ás citadas prestacións acredite menores recursos, así como aos perceptores de pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.

Aténdese con todo iso ao dobre obxectivo de recoñecer a débeda histórica que ten España con estes cidadáns e de coadjuvar á mellor satisfacción das súas necesidades máis básicas, dentro dun contexto que constitúe unha clara manifestación dos trazos de integración e solidariedade que definen a realidade do noso país nos albores do século XXI, ao mesmo tempo que se adianta algunha das medidas previstas na Comisión Interministerial para o estudo da situación das vítimas da Guerra Civil e do franquismo, constituída en virtude do Acordo do Consello de Ministros, do 23 de xullo de 2004, en cumprimento da proposición non de lei aprobada polo Pleno do Congreso dos Deputados, do 1 de xuño de 2004.

**Artigo 1. Obxecto.**

Esta lei ten por obxecto o recoñecemento dunha prestación económica aos cidadáns de orixe española desprazados, durante a súa minoría de idade, ao extranxeiro no período comprendido entre o 18 de xullo de 1936 e o 31 de decembro de 1939, como consecuencia da Guerra Civil española, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional, sempre que reúnan os requisitos que se sinalan no artigo 2.

Esta prestación económica terá carácter extraordinario e concederáse nos termos establecidos no artigo 3.

**Artigo 2. Beneficiarios.**

Serán beneficiarios da prestación económica a que se refire o artigo anterior os cidadáns citados nel que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

a) Que residan no extranxeiro e sexan perceptores da pensión regulada no Real decreto 728/1993, do 14 de maio, polo que se establecen pensións asistenciais por ancianidade en favor dos emigrantes españois, ou reúnan os requisitos exixidos para o seu recoñecemento.

b) Que residan en territorio español e sexan perceptores da pensión de xubilación da Seguridade Social na súa moda-